

BANDO

Ref.: Servizo de Medio Ambiente – Técnico de Medio Ambiente – ILFV - 2024TMA-000019

Vista a lexislación seguinte: *Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia*, modificada pola *Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia*, e *Orde do 31 de xullo de 2007 pola que se establecen os criterios para a xestión da biomasa vexetal*, e as competencias atribuídas aos concellos nesta materia.

Visto que nas zonas de influencia forestal non se permitirá o uso das grellas durante a época de perigo alto, segundo o establecido no artigo 36.1.a) da *Lei 3/2007, do 9 de abril*.

Visto que o presente ano aínda non se publicou a orde pola que se determina a época de perigo alto de incendios.

Vista a *Orde do 22 de maio de 2023 pola que se determina a época de perigo alto de incendios* (DOG núm. 103, do 1 de xuño de 2023), na que se refire que se deben considerar como épocas de perigo alto de incendios:

- *Unha época fixa no período estival, que se corresponde normalmente coa campaña de incendios, durante os meses de xullo, agosto e setembro.*
- *Unha época variable, cunha duración aproximada dun mes, que oscila normalmente entre os meses de febreiro, marzo, abril, xuño e outubro.*

Visto que no Plan de Defensa contra os Incendios Forestais de Galicia (PLADIGA) 2023 o Concello de Ribeira mantén a consideración de zona de alto risco de incendio (ZAR), segundo consta no mapa 5.1, polo que non resulta aplicable a exención do uso das grellas durante a época de perigo alto de incendio prevista no artigo 36.3 da *Lei 3/2007, do 9 de abril*.

Esta Alcaldía, en exercicio das facultades atribuídas polo artigo 21.1.e) da *Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local*, ao respecto das condicións de uso das grellas situadas nas áreas recreativas municipais do Parque Periurbano de San Roque e Couso, deste termo municipal, FAI SABER:

Que se autoriza a realización de lume para preparación de alimentos nas grellas habilitadas ao efecto nas áreas recreativas municipais do Parque Periurbano de San Roque e Couso, fóra da época de perigo alto de incendios, e sempre que se cumpran as seguintes condicións especiais:

Uso do lume e seguridade:

- O índice de risco diario de incendio forestal (IRDIF), que pode consultar no seguinte enlace http://mediorural.xunta.es/nc/areas/forestal/incendios_forestais/irdi non poderá ser maior de alto.
- O vento non pode ser superior a forza 3, escala Beaufort (non se moven as ramas grosas das árbores).
- Asegurarse de ter unha distancia maior de 3 metros desde o lume a calquera combustible susceptible de propagalo.
- Permanecer vixilante e xunto ao lume durante todo o tempo que estea acendido, procedendo a apagalo rapidamente se o vento provoca situacións de risco.
- Non queimar follas, papeis ou combustible fino, cuxas charamuscas poidan ser transportadas pola columna de fume.
- Non acumular gran cantidade de combustible, engadíndoo sempre de forma progresiva.
- Ter auga suficiente ou algún medio de extinción eficaz a man.

Coidado do entorno:

- Débese manter limpo o entorno, retirando o lixo que se xere e depositándoo dentro dos contedores instalados para tal fin.

Ribeira, á data da firma electrónica

O Alcalde,

Luís Antonio Pérez Barral

CSV: 07E80013D7A700D9K6E4A3P7N8



La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E80013D7A700D9K6E4A3P7N8 en la Sede Electrónica de la Entidad

FIRMANTE - FECHA

LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE -
22/04/2024
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 22/04/2024 10:52:52

EXPEDIENTE :: 2024TMA-000019

Fecha: 19/04/2024

Hora: 00:00

Und. reg: REGISTRO GENERAL

